

MESA SECTORIAL 4 SETEMBRO 2018

3. CONCURSO DE MÉRITOS PARA CUBRIR VACANTES NOS EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS

CCOO-Ensino considera que estes equipos deben ser incrementados porque son insuficientes para atender as necesidades actuais, a rede de EOE debera ser comarcal.

CCOO-Ensino demanda o incremento de EOE e o aumento de cadros de persoal nos existentes, pois están desbordados de traballo.

Demandamos que os EOE se constituían en centros independentes e autónomos con cargos como as estruturas de formación.

Solicitamos que se establezan criterios de mobilidade previamente a esta convocatoria para que os integrantes dos actuais EOE poidan trasladarse a outras localidades sempre que o fagan á mesma especialidade.

CCOO-Ensino solicitou que o persoal do corpo de mestres e os orientadores do corpo de mestres coa titulación de psicoloxía ou pedagogía poidan acceder a este concurso.

CCOO-Ensino solicitou a eliminación da obriga de permanecer dous anos no destino definitivo para poder optar a este concurso específico.

Demandouse a posibilidade de presentar as solicitudes pola vía telemática.

CCOO-Ensino solicitou o incremento das seguintes prazas: 1 para Sobredotación intelectual, 1 de Audición e Linguaxe e 1 de Traballo Social no EOE de A Coruña.

En canto ao BAREMO demandamos:

- Incrementar a puntuación por impartir actividades de formación
- Incrementar a puntuación por actividades relacionadas co posto de traballo a desenvolver
- Diferenciar a puntuación das titulacións relacionadas co posto de traballo con respecto ás titulacións xerais, primando as primeiras

Cambiar os criterios de desempate, tras a valoración do proxecto debera prevalecer a puntuación no apartado 2, xa que corresponde ás actividades de formación relacionadas co posto de traballo a desenvolver.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrecán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es